



XUNTA
DE GALICIA

**PREVENCIÓN
E SAÚDE LABORAL
ANTE O CORONAVIRUS**

SUPERMERCADOS

issga.xunta.gal




ANTES DE IR AO TRABALLO

- ▶ O **servizo de prevención** de riscos laborais deberá identificar e valorar as **medidas** para o persoal **especialmente sensible**.
- ▶ **Non ir traballar con febre** ou **síntomas da COVID-19** ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.
- ▶ **Difundir as recomendacións** da autoridade sanitaria e do servizo de prevención ante o coronavirus mediante carteis ou megafonía nos accesos ao supermercado para o persoal traballador e os clientes.
- ▶ **Os desprazamentos faranse mellor de forma individual**. No transporte **colectivo** é obrigada o uso de **máscara**. Seguir sempre as indicacións das autoridades.



DISTANCIA DE SEGURIDADE

- ▶ Cumprir co **aforo máximo permitido**, controlar e organizar a entrada da clientela por quendas, evitar aglomeracións fóra e dentro do comercio **para gardar sempre a distancia de seguridade de 1,5 metros**.
- ▶ Recomendar que a **estancia** no establecemento sexa a **necesaria** e que esta actividade a realice **unha soa persoa** sempre que sexa posible.
- ▶ **Manter a distancia de seguridade entre clientes, produtos e persoal** nas zonas de pago, preparación de produto, zonas de reposición de mercancías e seccións específicas. Empregar un sistema de número, sinalización horizontal, vertical, adhesivos para delimitar zonas, etc.
- ▶ Manter a separación de seguridade nas zonas de pago e **adoptar medidas de barreira** como pantallas de metacrilato ou similar de fácil limpeza e desinfección. Fomentar o uso de caixas rápidas.
- ▶ Fomentar os **medios de compra non presenciais** e os servizos de entrega a domicilio.
- ▶ Promover o **pago por medios electrónicos** (tarxeta, móbil).



MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- ▶ Na medida do posible organizar por **quendas** ao persoal para evitar posibles contaxios e garantir a continuidade da actividade.
- ▶ **Evitar coincidir** nos espazos reducidos como vestiarios e aseos. Organizar os postos e distribuír o espazo para garantir a distancia de seguridade.
- ▶ **Sinalizar no chan** as distancias a respectar e definir camiños para desprazarse con seguridade.
- ▶ **Controlar o acceso dos provedores** e fixar horarios para a entrega de mercadorías.
- ▶ Valorar a necesidade de reforzar persoal, realizar pausas ou alternar tarefas para **minimizar o impacto da carga física e mental** do persoal na situación actual.



HIXIENE E LIMPEZA

- ▶ Reforzar a dispoñibilidade de **material de limpeza e hixiene**. Facilitar na **entrada e saída** solucións hidroalcohólicas, luvas desbotables e **contedores** con tapa, pedal e bolsas recambiáveis para uso público.
- ▶ **Facilitar o lavado frecuente das mans** ou o uso de solucións hidroalcohólicas en todos os postos de traballo. Facelo despois de tocar superficies potencialmente contaminadas e secarse con panos desbotables que se rexeitarán nos contedores recomendados.
- ▶ **Cubrir as vías respiratorias** cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado. Se esbirramos ou tusimos con **máscara**, cambiala despois e lavar as mans.
- ▶ **Evitar tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión. Evitalo igualmente cando se usen luvas e máscara.
- ▶ **Limpar e desinfectar** espazos de uso común, equipos, utensilios de traballo, carros, cestas, TPV, mostradores, teléfono, etc.
- ▶ **Protexer o produto sen envasar** de xeito que se garanta a súa hixiene, en vitrinas, plástico, cristal, mediante pantallas de metacrilato ou outro material. No caso de **autoservizo**, deberánse dar indicacións para o seu lavado e tratamento. **Tocar os produtos o menos posible**.
- ▶ Utilizar os **equipos de protección individual (EPI)** que indique o servizo de prevención de riscos laborais.
- ▶ O **uso de máscara é obrigada** aínda que se poida garantir a **distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros**.
- ▶ **Evitar compartir** comida, bebida, obxectos, e equipos de traballo, que deberán hixienizarse con frecuencia.
- ▶ **Ventilar** a diario e reforzar o **mantemento** dos sistemas de climatización e ventilación (limpeza, cambio de filtros, etc.).



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña **981 182 329** issga.coruna@xunta.gal
 Lugo **982 294 300** issga.lugo@xunta.gal
 Ourense **988 386 395** issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra **886 218 101** issga.pontevedra@xunta.gal
 Santiago **881 999 332** issga@xunta.gal